



# Con bo pé

**Ollos de auga** · Domingo Villar ·  
Galaxia. 2006 · 248 páx. · 14,50 euros

O inspector Leo Caldas é moi coñecido na cidade de Vigo por levar un programa na radio, *Patrulla nas ondas*, ao que telefonan os oíntes para manifestar as súas queixas, a maioría delas competencia dos municipais. No seu traballo de policía conta cun axudante, o axente Rafael Estévez, grande coma un mundo, trasladado desde Zaragoza polo seu carácter arroutado e uns modais pouco ou nada temperados que os poñen en máis dunha situación comprometida. Son os compoñentes da clásica parella que se contrapón pola diversidade dos seus caracteres, trazados, sobre todo no caso de Rafael, de xeito bastante esquemático, máis ben caricaturesco; o zaragozano non comprende a idiosincrasia galega, tamén abondo caricaturizada, o que dá pé a algunhas escenas divertidas e ao desgusto do comisario.

Para resolver o asasinato de Lois Reigosa, saxofonista homosexual que toca todas as noites no *Grial* xunto cun contrabaixista irlandés e unha pianista, deberán introducirse no mundo dos laboratorios, no dos bares de ambiente e, de esguello, no da alta sociedade, aínda que non se afonda demasiado en ningún deles.

A cidade de Vigo e os seus arredores, escenarios da novela, son obxecto de descricións máis que correctas que alternan cos diálogos e o desenvolvemento da acción sen cansar en ningún momento, pois están moi equilibradas. O ritmo é o fluído que se espera neste tipo de obras e á habelencia do autor débese que non

decaía ao longo das dúascentas corenta e pico páxinas, escasas ao meu entender.

En efecto, a parte final, a que nos leva á resolución da morte de Lois Reigosa, semella un chisco precipitada, coma se o autor quixese rematar canto antes. Nese sentido decepciona un pouco que non se demorase máis en despistar ou enguedellar o lector, que xa viña imaxinando que o aparente culpable non era máis ca unha cortina de fume.

A novela conta con todos os ingredientes do xénero, mesmo pequenos asomos da vida persoal e familiar de Leo Caldas; non faltan anécdotas humorísticas protagonizadas por Rafael Estévez que nos fan sorrir, malia que nalgúns casos se deban a esa tópica idiosincrasia galega xa referida; tampouco falta unha significativa variedade de personaxes que se van sucedendo para conferirlle verosimilitude ao desenvolvemento da trama.

No caso de que esta sexa a primeira entrega dunha serie, o autor non empezou con mal pé e é de esperar que nas futuras os caracteres dos protagonistas vaian crescendo e conformándose até poñernos diante de personaxes máis complicados e completos.

Se cadra para o lector afeccionado de verdade á novela negra, con lecturas abundas sobre o seu lombo, esta non achegue máis ca unha trama cun enigma que cómpre resolver, mais sen grandes sobresaltos nin sorpresas. Porén, para os que aínda non navegaron en exceso por eses mares, constitúe unha boa ocasión para pasar unhas horas entretidos e gozar dunha prosa coidada.

// Uxía Casal